



Información

Información MÉDICA

A primeira información por parte do Servizo De Anestesia, darase habitualmente no momento do ingreso na unidade.

Información a partir do día seguinte:

-SE O SEU FAMILIAR vai voltar para á súa unidade de orixe, avisaremos por teléfono da alta.

-SE VAI CONTINUAR INGRESADO en Reanimación, informaráselle **DIARIAMENTE ARREDOR DAS 13:00 HORAS** e cando o persoal facultativo o estime oportuno. Recomendamos deixar un número de teléfono de contacto por si fose necesario.

Información DE ENFERMARÍA

A información dos cuidados de enfermaría será comunicada aos cuidadores principais a pé de cama sempre que así o soliciten.

Lembre QUE:

A información é confidencial. Polo tanto recoméndase que o enfermo ou na súa falta a familia acorde unha ou dúas persoas de referencia para recibir a información e transmitila ao resto da familia. A información só se facilitará a un único representante do doente.

POR FAVOR, CONSULTE TODO O QUE NON TEÑA ENTENDIDO



CÓMO CHEGAR

As Unidades de Reanimación están no edificio central (o máis antigo) do Hospital A Coruña.

O acceso máis cómodo é usando os ascensores 8-9 e 10-11 que se atopan:

Dende o andar Baixo, no segundo tramo do corredor, antes da cafetería.

Dende o andar 4º, siga a liña azul ata atopalos á súa esquerda antes da zona de consultas externas.

Rea 3 (3º andar): os ascensores 10-11 o deixan xusto na entrada, os nº 8-9 no outro lado do pasillo

UCCQ-Rea5 (5º andar): ao chegar ao 5º andar siga a liña azul ata o final do pasillo.

Pode ter máis información neste enlace:



O persoal das Unidades de Reanimación do HUAC agradécelle a súa colaboración.



SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

ÁREA SANITARIA DA CORUÑA E CEE

SERVIZO DE ANESTESIOLOXÍA
Unidade de Coidados Críticos Cirúrxicos – Reanimación

SERVIZO ANESTESIA
UNIDADE DE REANIMACION

SERVIZO ANESTESIA
UNIDADE DE REANIMACION



HORARIOS DE VISITAS

- **REA 3:**
 - **Día da cirurxía :** de 18:15 a 19:15 horas.
 - **Día seguinte:**
 - 13:15 a 14:15 (con información médica).
 - 18:15 a 19:15.
- **UCCQ-REA 5:**
 - **Todos os días**
 - 13:00 a 14:00 (con información médica).
 - 18:00 a 19:00.
 - **Visitas curtas (consulte antes ao persoal).**
 - 07:00 a 07:15 horas.
 - 22:00 a 22:15 horas.

Se non pode acudir en ningunha das quedas, por favor coménteo á enfermeira responsable. En casos concretos estes horarios poden ser modificados individualmente; se é o caso, a enfermeira informará ao familiar responsable.


TELÉFONOS DE CONTACTO:

Centralita CHUAC: 981 130 404

- Extensión de acollida a familias: 29 15 59 (de 8:00 a 22:00)
- Extensións de **Rea 3:** 29 93 84; ou 85
- Extensións da **UCCQ-Rea5:** 29 15 51; 52 ou 68



Qué é a UCCQ-R?



- **As Unidades de postoperados do HUAC** son as salas do hospital do Servizo de Anestesia onde xeralmente ingresan pacientes operados de todas as patoloxías e gravidades, Dende os anestesiados de forma local ata os postoperados críticos ou transplantados.
- No **Hospital A Coruña**, hai dúas unidades de postoperados e de Coidados Críticos que dependen do Servizo de Anestesia:
 - **Reanimación 3º andar (REA3)**: para pacientes con previsión de estancia menor de 24hs.
 - **Unidade de Coidados Críticos Cirúrxicos do 5º andar (UCCQ-Rea 5)**: para pacientes que previsiblemente van estar máis de 24 horas ou cirurxías máis complexas.
- As dúas unidades contan con persoal experto en pacientes post-operados. **Informarase individualmente á saída de quirófano** a cal das dúas Reas irá cada paciente tras da cirurxía realizada.



DURANTE A VISITA:



- Lembre **silenciar** o seu teléfono móbil.
- Lembre tamén que **está prohibido** facer gravacións ou envíos de audio, video ou imaxe fixa en todo o complexo hospitalario.



- **Non saia da zona de visita.** Se necesita algo avísenos.
- Fállele dende un punto de vista positivo.
- Pode facilitarlle algún **obxecto persoal** (radio con auriculares, lentes, fotografías, etc.) e nalgúns casos tamén dispositivos electrónicos (tfno. móbil, tablets,...); **pregunte previamente** ao persoal.



No caso de inmunodeprimidos ou circunstancias especiais siga as instrucións para a posta e retirada do equipo de protección individual (EPI):

COLOCACIÓN: 1º Hixiene de mans → 2º bata → 3º luvas

RETIRADA: 1º luvas → 2º Bata (rompédoa por detrás) → 3º hixiene de mans.

- **Máximo** dous familiares en cada quenda.
- Para visitas de menores de 12 anos pregunte ao persoal.



AO FINALIZAR A VISITA:

- **Antes** de deixar a zona onde está o seu familiar, faga unha **hixiene de mans** coa solución alcohólica que hai no lateral da cama.

ANTES DA VISITA:

